

Praza número: 25/20021

Número de prazas: 1

Categoría: PERSOAL PERMANENTE LABORAL

Área de coñecemento: Psicoloxía Evolutiva e da Educación

Departamento: Psicoloxía

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

Sendo as 13:00 horas do día 18 de decembro de 2025 e cumpríndose os requisitos que establece o art. 17.2. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como o establecido na Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno o 7 de novembro de 2024, constitúese a comisión de selección do concurso arriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poidan cualificar de conflito de intereses, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2003:

Presidencia:	<u>Silvia López Larrosa</u>
Secretaría:	<u>Adina Dumitru Dumitru</u>
Vogal 1º	<u>Antonio M. Ferrer Manchón</u>
Vogal 2º:	<u>María Josep Jarque Moyano</u>
Vogal 3º	<u>Manoel Baña Castro</u>
Rep. persoas traballadoras	<u>Adela Milagro Reig Botella</u>

A continuación, a comisión, segundo o apartado 7.8. e o anexo IV da Normativa indicada, establece os criterios para a valoración das probas, que se anexan como Acta de criterios de valoración e que se publicarán no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña (UDC) con anterioridade á convocatoria para o acto de presentación.

INCIDENCIAS Á ACTA DE CONSTITUCIÓN

Sin incidencia.

Rematado o acto, a presidencia dá por levantada a sesión. E para que conste, asino a presente acta como secretaria, coa conformidade da presidencia.

A presidencia,
Silvia López Larrosa

A secretaria,
Adina Claudia Dumitru Dumitru

Praza número: 25/20021

Número de prazas: 1

Categoría: PERSOAL PERMANENTE LABORAL

Área de coñecemento: Psicoloxía Evolutiva e da Educación

Departamento: Psicoloxía

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

ACTA DE CRITERIOS DE VALORACIÓN

Constituída a comisión de selección do concurso de méritos para a provisión da praza arriba indicada, coa asistencia de:

Presidencia:	Silvia López Larrosa
Secretaría:	Adina Dumitru Dumitru
Vogal 1º	Antonio M. Ferrer Manchón
Vogal 2º:	María Josep Jarque Moyano
Vogal 3º	Manoel Baña Castro
Rep. persoas traballadoras	Adela Milagro Reig Botella

Procédese, de acordo co disposto no apartado 7.8 e seguindo as directrices establecidas no anexo IV da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno o 7 de novembro de 2024, a establecer e publicar no TEO da UDC os criterios de valoración nos que se fundamentará o devandito procedemento de selección, que serán os que a continuación se indican:

PRIMEIRA PROBA: HISTORIAL ACADÉMICO, DOCENTE E INVESTIGADOR

1. Formación académica (5%)

2. Experiencia docente (40%)

Valorarase a docencia universitaria en titulacións oficiais, a calidade docente, a través da avaliación no programa Docentia, a elaboración de manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria, a participación en proxectos e grupos de innovación docente, as estadias e a mobilidade docentes, a formación docente impartida e recibida, premios e recoñecementos docentes e outros méritos relevantes.

3. Experiencia investigadora e de transferencia (40%)

Valoraranse as publicacións científicas, as comunicacións en reunións científicas, as becas e contratos pre e postdoctorais, as estadias pre- e postdoctorais, a dirección de teses de doutoramento, a participación en proxectos de investigación en convocatorias competitivas, en convenios de investigación, así como as accións de transferencia e divulgación e outros méritos relevantes.

4. Experiencia profesional e de xestión (15%)

Seguindo a normativa, valorarase a experiencia profesional na especialidade de coñecemento da convocatoria, a dirección e xestión universitaria ou científica, os cargos académicos, a coordinación de titulacións, a dirección de revistas ou editoriais científicas, a participación en axencias de avaliación, e outros méritos relevantes.

Praza número: 25/20021

Número de prazas: 1

Categoría: PERSOAL PERMANENTE LABORAL

Área de coñecemento: Psicoloxía Evolutiva e da Educación

Departamento: Psicoloxía

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

SEGUNDA PROBA: PROXECTO DOCENTE E INVESTIGADOR: VALOR SOBRE 100

O proxecto docente valorarase cun máximo de 50 puntos. Seguindo a normativa, teranse en conta: a adecuación á descrición da materia na memoria do título, a calidade e coherencia dos contidos, a calidade formal, a claridade na exposición oral do proxecto docente, e a capacidade de resposta ás cuestións que formule a Comisión.

O proxecto investigador valorarase cun máximo de 50 puntos, e teranse en conta: a adecuación á especialidade de coñecemento, a calidade e viabilidade da proposta, así como o impacto científico-técnico esperado.

Rematado o acto, a presidencia dá por levantada a sesión. E para que conste, asino a presente acta como secretaria, coa conformidade da presidencia.

A presidencia,

Silvia López Larrosa

A secretaria,

Adina Claudia Dumitru Dumitru